COLABORACIÓNS páxinas 2 a 4
COMPLEMENTARIAS páxinas 5 a 13
ESCOLARES páxinas 14 a 19
BIBLIOTECA páxina 20 a 22
ANPA páxina 23

HOSPITAL DE OSIÑOS

11 de marzo. Alumnado de 6º de EI.

Este ano, como ven sendo xa costume no colexio, realizóuse a actividade: "Hospital de osiños de peluche", baseado no programa "Teddy Bear Hospital". O desenvolvemento do mesmo, ten como finalidade acadar un achegamento dos nenos e nenas ao ámbito médico. Esta achega faise dende 5 obradoiros: anatomía, hábitos de vida saudable, hixiene e nutrición; cirurxía e consulta.

A traverso do "obradoiro de anatomía" familiarizáronse co interior do corpo humano: órganos, ósos, músculos, sistema circulatorio, etc.; no obradoiro adicado á hixiene, entrenáronse na correcta maneira de lavarse dentes e mans así como a recoñecer o perxuicio do tabaquismo; situaron os alimentos na "pirámide alimentaria" según a conveniencia da súa inxesta nunha dieta saudable no "obradoiro de nutrición"; entrenáronse, a traverso do "obradoiro de consulta", na explicación dos síntomas, tratamento, historia clínica, etc., e, por último, acompañaron á súa mascota a facer unha radiografía, electrocardiograma e medida da presión arterial, entre outras cousas.

O alumnado de 6º de Infantil "púxose na pel" da súa mascota e participou activamente en todos eles. Este xogo simbólico facilita a canalización do medo aos espazos hospitalarios, o achegamento aos profesionais sanitarios e promove hábitos de alimentación e hixiene,fundamentais para un saudable desenrolo persoal.

A actividade, resultóu altamente gratificante e entretida para todos os participantes. Os futuros galenos comprobaron que a traverso do xogo e dunha linguaxe cercana, o trato coa xente miúda é moito máis próximo, máis humano e, non por elo, menos técnico, constatando os beneficios que esta achega aporta.

Begoña Pereira Pombriego.
Mestra EI

clínica médica
Dra. Lourdes Gago
Dra. Lucía García
MEDICINA XERAL
NUTRICIÓN E DIETÉTICA
Rúa Xaime Quesada 1, 1ºC
15706. Santiago.
Tlf 981593860
CITA PREVIA